



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

CONVOCATORIA

Pola presente convocase a Vd. á **SESIÓN ORDINARIA**, que se celebrará na CASA CONSISTORIAL polo **CONCELLO PLENO**, ás vinte horas do día vinte e nove de setembro de dous mil dezasete, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo co estipulado no artigo 31.2 do ROF do Concello.

A partir desta data ten Vd. a súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na seguinte:

ORDE DO DÍA

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 30/06/2017, 26/07/2017, 28/07/2017, 03/08/2017, 06/09/2017.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, CONTA XERAL, EXERCICIO 2016.

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO 2018.

PUNTO QUINTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

PUNTO SEXTO: MOCIÓNS.

PUNTO SÉTIMO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ordes, 22 de setembro de 2.017

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

SRS. CONCELLEIROS do CONCELLO de ORDES



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 17/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a vinte e nove de setembro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS

Non asiste:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES DE DATAS 30/06/2017, 26/07/2017, 28/07/2017, 03/08/2017, 06/09/2017.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 30/06/2017, ás actas das sesións ordinarias de datas 26/07/2017, á acta da sesión ordinaria de data 28/07/2017, e ás actas das sesións extraordinarias de datas 03/08/2017 e 06/09/2017, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que nas actas aprecia os erros seguintes:

1. Acta sesión ordinaria de data 30/06/2017. Folla nº 22

Onde dí:

.../...

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se fala de menos criterios políticos, pero criterios máis técnicos que os que aporta o BNG non hai. (...)

.../...

Debe dicir

.../...

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que se fala de menos criterios políticos, pero criterios máis técnicos que os que aporta o BNG non hai. (...)

.../...

2. Acta sesión extraordinaria de data 26/07/2017. Folla nº 10

Onde dí:

.../...

(...) a pista de xeo cun gasto de 21.000 euros, cobrando 17.000 en entradas e pagándolle o gasto do carburador. (...)

.../...

Debe dicir

.../...

(...) a pista de xeo cun gasto de 21.000 euros, cobrando 17.000 en entradas e pagándolle o gasto do xerador. (...)

.../...

3. Acta sesión ordinaria de data 28/07/2017.

Folla nº 10

Onde dí:

.../...

(...) Hai que entrar no debate da ORA teñen un modelo de cara á zona azul. (...)

.../...

Debe dicir

.../...

(...) Hai que entrar no debate da ORA teñen un modelo de cara á zona azul gratuíta. (...)

.../...



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

VOTACIÓNS URXENCIAS DAS MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS

Onde dí:

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

.../...

Debe dicir

.../...

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

.../...

VOTACIÓN MOCIÓN SRA. MARTÍNEZ CANDAL

Onde dí:

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

Debe dicir

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

VOTACIÓN MOCIÓN SR. MANTEIGA GARCÍA

Onde dí:

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 3 grupo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

Debe dicir

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 30/06/2017, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coas correccións sinaladas polo Sr. Vidal Ríos.

Ás actas das sesións extraordinarias de datas 26/07/2017, resultaron aprobadas por maioría de doce votos a favor, coa abstención do Sr. Manteiga García, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coas correccións sinaladas polo Sr. Vidal Ríos.

A acta da sesión ordinaria de data 28/07/2017, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coas correccións sinaladas polo Sr. Vidal Ríos.

A acta da sesión extraordinaria de data 03/08/2017, resultou aprobada por maioría de doce votos a favor, coa abstención do Sr. Manteiga García, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

A acta da sesión extraordinaria de data 06/09/2017, resultou aprobada por maioría de doce votos a favor, coa abstención do Sr. Manteiga García, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. alcalde dáse conta das actuacións seguintes:

- Tras a incorporación de remanentes de 2016, no día de onte levouse a cabo a amortización da parte de débeda polo importe total máximo que se permitía con cargo a ese remanente 335.000 euros, sobre o crédito do Plan de pago a provedores con Caixabank, que queda reducido a 1.013.400 euros. A totalidade da débeda bancaria a data actual 2.736.000 euros.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, CONTA XERAL, EJERCICIO 2016.

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ó exercicio de 2016, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta.

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 28/07/17, e informe de intervención.

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 146, de data 03/08/2017 e taboleiro de anuncios do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as entidades locais como xestores de fondos públicos teñen a obrigaón de informar, xustificar e responsabilizarse da actividade económico-financeira que realizaron durante un ano. Para iso, teñen que elaborar as súas contas anuais que reflicten a forma na que se desenvolveu esta actividade. A rendición de contas é o acto administrativo mediante o que os responsables da xestión dos fondos públicos informan, xustifican e responsabilízanse da aplicación dos recursos postos á súa disposición nun exercicio económico. A responsabilidade en que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade na que incorran quen adoptou as resolucións ou realizaron os actos reflectidos nas devanditas contas, e así, a regra 49, apartado 4, da ICAL sinala que a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. As Entidades locais están obrigadas a render as súas contas ao Tribunal de Contas e aos Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (OCEx) e esta obrigaón é a que se denomina como obrigaón de render contas. Os órganos de control externo, Tribunal de Contas e os OCEx, teñen asignadas as funcións do control sobre a actividade económico-financeira das administracións públicas, para garantir que esta actividade realízase de acordo coas normas e de forma eficiente. Entre estas funcións está controlar e impulsar que as Entidades locais elaboren e rendan as contas anuais. Ademais moitos axentes necesitan e demandan a información que conteñen as contas anuais das Entidades locais: os órganos de xestión, para poder tomar decisións, os plenos das Entidades locais, Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas, Cortes Xerais, os cidadáns, empresas ou institucións financeiras aos cales lles interesa coñecer, por diferentes motivos, cal foi a actividade económica das Entidades locais e a súa situación financeira e patrimonial. O artigo 201 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establece a obrigaón ás Entidades locais de render as súas contas. De acordo co artigo 223 da mesma norma, as Entidades locais están obrigadas a aprobar e render a Conta xeral do exercicio. A Conta Xeral está formada polas contas anuais da Entidade local e das súas entidades dependentes e os estados que compoñen as contas anuais son o Balance de situación, a conta de resultados económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, a liquidación dos orzamentos e a Memoria. A Conta xeral é un conxunto de documentos e estados que a Entidade local ten que elaborar ao final de cada ano para informar sobre a situación do patrimonio, é dicir, a situación dos bens e dereitos da Entidade local, do seu financiamento e dos seus préstamos e débedas ao final do ano. Os gastos, ingresos,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

beneficios e perdas da Entidade local durante o ano ao que se refire a Conta xeral. Como se executou o orzamento da Entidade local, é dicir, ofrece información sobre canto e en que se gastaron os recursos que se obtiveron nese ano, cantos recursos obtivéronse no ano e cales foron eses recursos. Tamén se informa sobre a forma na que se realizaron eses gastos e ingresos. A Lei establece cal debe ser esa información e como se debe elaborar. En concreto, a información que teñen que elaborar ao finalizar o ano é a denominada Conta xeral, que se atopa regulada nos artigos 208, 209, 210 e 211 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e nas Instrucións de Contabilidade Local. A estes efectos a citada Conta Xeral contén todos os documentos que a deben integrar. Reiterar que, de conformidade co disposto na regra 49, apartado 4, da ICAL, a aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. Tal e como sinala o Tribunal de Cuentas no seu informe de fiscalización do Sector Público Local, exercicio 2015, “A conta xeral dunha entidade local, tal e como se establece no artigo 212.5 do TRLRFL, considérase rendida cando está aprobada polo Pleno da mesma, non entendéndose como tales as remitidas sen data de aprobación. O expediente da conta xeral que se presenta para a súa aprobación plenaria inclúe a totalidade da documentación e dos estados contables aos cales refírense tanto o TRLRFL como a ICAL. A dita conta foi formada pola intervención municipal, a cal elaborou tamén un informe explicativo da mesma para unha mellor comprensión das distintas magnitudes contables e orzamentarias, se ben ningunha norma expresa a necesidade da emisión do mesmo. No que respecta á tramitación da Conta Xeral, convocouse aos membros da Comisión especial de contas o 5 de xuño para a celebración da mesma o día 30 de xuño, cumprindo así o disposto no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, que sinala que as contas e a información complementaria estarán a disposición dos seus membros como mínimo quince días antes da reunión. A mencionada Comisión informou favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2016, cos votos a favor dos membros pertencentes ao equipo de goberno e a abstención dos demais. De conformidade co disposto no artigo 212.3, unha vez ditaminada, expúxose ao público, mediante anuncio no BOP nº 146 do 3 de agosto, por espazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis, contados a partires do seguinte á inserción do dito edicto no BOP, ao obxecto de que todos os interesados poidan examinala e formular as reclamacións, reparos ou observacións que estimasen pertinentes. Transcorrido o mencionado prazo non se presentou reclamación, reparo ou observación algunha. Cómpre, pois, o sometemento ao Pleno Corporativo da aprobación da Conta Xeral, para que poida ser aprobada antes do 1 de outubro. A Conta Xeral debe renderse, debidamente aprobada, aos órganos de control externo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, antes do 15 de outubro. Se ben do que se trata é de aprobar que a Conta Xeral reflicte o que sucedeu economicamente no exercicio (ven sendo como a aprobación da acta anterior que se realiza como punto independente nos Plenos), e a modo informativo e para xeral coñecemento faremos, de seguido, un breve resume das magnitudes que se deducen do informe elaborado pola intervención. Respecto ao Balance. Diminuíu lixeiramente o activo fixo respecto ao total, pasando do 96,93% ao 96,32%. Incrementáronse os recursos permanentes respecto ao pasivo total (do 89,02% ao 90,28%). O pasivo a longo prazo (créditos con entidades e co Estado pola devolución da PIE) diminuíu de 4.370.592,84 € a 3.698.853,30 € (porcentualmente nun 15,37%). O pasivo a curto prazo (acreedores e a parte dos préstamos a pagar no exercicio seguinte) incrementouse de 1.203.657,71 € a 1.424.433,59 € (nun 18,34%). O fondo de manobra (diferencia entre os recursos permanentes e o activo fixo ou, o que é o mesmo, entre o activo circulante e o pasivo a curto prazo) é positivo por importe de 516.588,70€. Como o seu propio nome indica, o fondo de manobra refírese á capacidade (manobra) que ten unha empresa, neste caso unha Administración, para poder atender os seus pagos a curto prazo e, á vez, poder realizar



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

investimentos necesarios. Se nun momento determinado se tivesen que devolver todas as débedas a curto prazo (Pasivo corrente) que acumulou a corporación, o FM é o que quedaría do activo corrente. O dito fondo de manobra incrementouse nun 45,43%. No tocante ao endebedamento diminuíu o total e o endebedamento a longo prazo, incrementándose o endebedamento a curto prazo. Así a débeda total por habitante pasou a seren de 404,40 €, diminuíndo nun 7,31% respecto ao exercicio anterior. Respecto ao endebedamento total comparado cos recursos ordinarios pasou do 72,81% ao 63,43%. Do sinalado dedúcese un alto grao de liquidez e solvencia. Respecto ao Resultado económico-patrimonial. Xerouse un incremento do patrimonio, isto é, un beneficio, de 2.122.615,35 €, superior ao do exercicio anterior nun 58,53%. Respecto á liquidación dos orzamentos. O grao de realización dos dereitos por operacións correntes foi moi elevado (do 102,40 %). Respecto ás operacións de capital foron do 13,20%, cousa lóxica tendo en conta que a situación de prórroga orzamentaria inclúe a totalidade das previsións de ingresos do exercicio anterior. Respecto aos estados de gastos, a execución acadou o 95,22% no caso das operacións correntes e o 80,69% do total. Os pagos líquidos foron do 91,91% das obrigas recoñecidas. O aforro neto legal é positivo ascendendo a 1.375.805,75 €, representando un 17,07% dos ingresos liquidados por operacións correntes, sendo o nivel de endebedamento bancario de 60,56% dos mesmos. O resultado orzamentario axustado legal é positivo por importe de 901.321,78 €. O remanente de tesourería para gastos xerais foi de 1.031.774,13 €. A liquidación dos orzamentos cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria (capacidade de financiamento de 824.554,68 €), regra de gasto, límite de débeda e período medio de pagamento. Remarcar o feito de que non se trata de analizar se a xestión foi boa ou mala, xa que desta responderán, de ser o caso, os xestores, senón que a aprobación da conta ven sendo un acto formal necesario para a súa rendición aos órganos de control externo. En resume, trátase dun documento de carácter contable, non se valora a xestión.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que estamos ante un documento contable que é o resultado do presuposto do ano anterior. Hai unha parte que é do outro ano, 2015. En consecuencia non vai a rexeitar este acordo.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que recibiu o informe da Conta Xeral o 6 de xuño de 2017, cando a Lei de facendas locais di no seu artigo 2012 que debe ser antes do 15 de maio do exercicio seguinte. Tamén di no apartado segundo do mesmo artigo que será sometida á Comisión Especial de Contas da entidade local antes do día 1 de xuño, que tampouco se cumpriu xa que a Comisión foi convocada para o día 30 de xuño, que foi suspendida e volveuse a convocar para un mes despois, para o 28 de xullo. Para evitar a súa responsabilidade sobre esta Conta Xeral sobre posibles irregularidades no caso de que as haxa vai a votar en contra, sobre todo por que xa o ano pasado se aprobou a conta xeral fora de prazo e isto estase a converter nalgo habitual. O seu compañeiro o Sr. Caamaño Fraga vai a absterse neste punto.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que isto lles parece un puro trámite administrativo e votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que observan algo que é recorrente e que levan denunciando dende o BNG varios anos. Seguen a manterse contratos vencidos que se están a facturar cunha prórroga tácita destes contratos que non esta



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

permitida pola Lei de contratos do sector público, tal é como se reflicte nas notas de reparo emitidas pola intervención municipal sobre a presente conta xeral do ano 2016. Estamos a falar dunha situación que se repite ata en nove ocasións. Contrato asesoramento laboral, contrato de reclamación de danos, limpeza Casa da Cultura, limpeza edificio Casa Consistorial, limpeza de edificios municipais, mantemento de colexios e pavillóns, mantemento de campo de fútbol, servizo de guindastre, punto limpo, caducados. O contrato do punto limpo solucionouse no ano 2016. Destes nove contratos caducados, en ano e medio de xestión so foron capaces de solucionar un. Tamén se reflicte pola intervención municipal nas notas de reparo que hai outros servizos que se tratan como contratos menores cando deberían ser obxecto dun procedemento de contratación polo seu carácter repetitivo, como por exemplo o mantemento da piscina climatizada. En ano e medio foron incapaces de solucionar estas irregularidades. Polo exposto a súa xestión non pode recibir o noso apoio.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que a Conta Xeral é un tramite administrativo agora e antes. Cando vostede estaba aquí parecía que non o era. Estivemos mirando e vemos cousas que non nos parecen de todo ben. O abuso dos expedientes de modificación de crédito, corenta e un expedientes, que supoñen un corenta por cento do orzamento. Vemos que o período medio de pago esta en corenta días. Ven unha xestión arbitraria dos recursos, non hai un criterio no orzamento para definir que clase de servizos se van a prestar. Espera que non sucesivo se adapten os orzamentos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que so quere aclarar que esta na páxina trece, que o período medio de pago fai mención única e exclusivamente ao 31 de decembro do exercicio. Son as facturas que entran a última hora e non se poden pagar ao rematar o ano. O período medio de pago se non se equivoca era de menos dez días, en vinte días dende que entra a factura no concello. Esta é a realidade da actividade municipal. O dos contratos é un argumento recorrente. Os contratos de asesoramento laboral, mantemento da piscina municipal, aínda van a quedar aí, os demais están resoltos a día de hoxe. Deses nove van a quedar resoltos sete. En oito anos do 2007 ao 2015 non se fixo ningún. Do 2015 para adiante, en pouco máis de dous anos de once temos nove resoltos. Quedarían dous pendentes que se tratarían de municipalizar.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que vai a votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se está a analizar a Conta Xeral do ano 2016. Non se pode referir ao día de hoxe. No ano 2016 de nove contratos caducados solucionouse un. Ollan como o Alcalde, o PP, sempre intenta vender na prensa que está a sanear as contas do concello cunha xestión brillante. Ese discurso desmóntase, cae polo seu propio peso ollando os indicadores de endebedamento da Conta Xeral. No 2016 baixo 450.000 euros, cifra bastante inferior á dos exercicios pasados, 2015 550.000 euros, 2014 1.400.000 euros, 2013 1.450.000 euros. Con isto non estamos a defender a xestión do anterior goberno, que non compartíamos, ao igual que non compartimos a xestión do actual alcalde. Compre que a veciñanza teña claros estes datos para desmentir a imaxe que de saneamento se pretende vender. O 2016 foi o exercicio no que menos se reduciu o endebedamento. Isto non foi para subir o investimento por habitante, que non foi o que aconteceu. O investimento por



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

habitante baixou de 173 euros no 2015 a 123 euros no 2016. Isto a pesares de baixar poboación, pasamos de 12.669 habitantes no 2016 a 12.776 no 2015. En dous anos do seu goberno, dous autobuses de veciños marcharon deste concello. En base ao exposto van a votar en contra da Conta Xeral do exercicio 2016

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se base a amortización da débeda na anualidade teórica de amortización demostra que non analizou completamente a conta xeral. Fíxose unha amortización dos préstamos con cargo ao exercicio de 800.000 euros, e o ano pasado amortizaron 250.000 euros a maiores. Os datos da débeda están aí. Amortizouse máis dun millón de euros, non se quede coa anualidade teórica de amortización que era a que esta prevista no exercicio, senón coa realidade da súa execución. Si a día de hoxe podemos falar de que temos unha débeda financeira de 2.700.000 euros, algo se fixo. No seu día estabamos moi por encima dos cinco millóns de euros. O seu voto como goberno e como responsables máximos da execución desta conta xeral, dun exercicio cun orzamento prorrogado vai a ser a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos a favor (5 grupo político PP, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sr. González Santos), tres votos en contra (2 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal) e coas abstencións (2 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2.016 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO 2018.

Expediente de modificación ordenanzas fiscais.

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 28/07/17, e informe de intervención.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a facer un resume. Revocar o acordo do pleno de 26/05/2017 no relativo á modificación de ordenanzas fiscais IVTM, IBI e IAE, deixándoo sen efecto. Recorda que esa moción pretendía impor un acordo co que non estaban de acordo, presentaron os informes correspondentes en contra, vostedes conseguiron os votos suficientes na resolución dos recursos. Non entenden que sigan mantendo ese criterio. A intención é traer aquí unha modificación de ordenanzas fiscais que non afogue o concello, que era o que se pretendía con esa proposta. Esta modificación vai a permitir baixar impostos dunha maneira racional e cuns tipos acordos a outras propostas doutros grupos políticos como o BNG e como era a súa intención inicial, como xa habían manifestado para ir dando cumprimento á parte do programa electoral con cargo ao tipo de gravame do IBI. Modificar IBI de rústica e urbana para



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

o exercicio 2018, fixando ambos tipos no 0,53 % , mantendo o IBI BICES 1,30 %. E no ano 2019, acabando con este debate, deixar o tipo aplicable no 0,51 %. Engádesse un artigo para o aprazamento e fraccionamento de pago, era unha demanda pendente nunha moción do BNG. Modificación ordenanza fiscal ICIO, cumprimento dunha parte do programa, baixar o tipo de gravame un 10 %, que pasa a ser o 2,50 %. A maiores dando cumprimento a un acordo plenario en caso de circunstancias de fomento do emprego nestas construcións establécese unha bonificación. É unha medida importante para atraer empresas non municipio. Por último, para dar cumprimento ao contrato coa empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga para adaptación das taxas ao IPC marzo-2016 marzo-2017, modificación das ordenanzas fiscais nº 18 e nº 19.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que seguindo os informes técnicos do concello vai absterse.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que ven hoxe aquí a meterlle unha goleada aos veciños de Ordes, revocando un acordo plenario que foi debatido, que tivo a oportunidade de negociar e non o intentou e que aproveitou a primeira de cambio para revocalo. Revogación xustificada unicamente pola falta de dous concelleiros hoxe neste pleno. Revogar un acordo plenario é unha acción pouco construtiva. A baixada de impostos que propuxo era unha petición do Presidente da Xunta de Galicia que sinala que a lei que impulsou o goberno autonómico quedaría coxa sen o apoio dos concellos que resultan ser os receptores finais da actividade industrial, por iso a Xunta de Galicia ten un plan de captación de inversións que recolla a posibilidade de que os concellos faciliten a implantación de empresas a través da supresión total ou parcial de impostos, como a bonificación de taxas municipais, rebaixas no IBI, IAE e ICIO, así como nas licenzas de apertura ou outras cuestións administrativas. Como isto suporía unha merma nos ingresos locais a Xunta de Galicia ofrece a posibilidade de beneficiar a estes concellos con medidas promovidas polo goberno autonómico, como a prioridade de axudas para parques empresariais, viveiros de empresas ou plans de eficiencia. Todo isto conlevaría a integración dos concellos na oficina Doing Bussiness, unha canle que facilita as xestións para poder implantar empresas no noso solo industrial. Os concellos de Cee, Malpica, Vimianzo e a Laracha contas con prezos de solo industrial por debaixo do 50% con respecto ao noso parque empresarial, prezos de 30 €/m² cando no parque empresarial de Ordes superan os 60 €/m². A decisión de baixar os impostos non é unha decisión e funcionarios, senón que é unha cuestión política. Trata vostede de manipular a información dicindo que trae aquí unha baixada do IBI do 10 % tal e como prometeu, cando o que trae é unha baixada de miseria. Por que isto non baixa, isto mantense. No 2019 imos pagar o mesmo ou algo máis do que pagamos no 2015. Pretende bonificar o ICIO ás empresa que xeran emprego, cuns requisitos que parecen postos pola Casa Real, que é iso de pedir un aval para beneficiarse dunha rebaixa do ICIO. Garantir emprego esta ben, pero propón unha bonificación que lles vai a facer falta para pagar a técnicos e avogados para poder presentar con coñecemento desta que vostede chama bonificación do ICIO. Os avais bancarios custan cartos, os técnicos e avogados tamén. Di que o ICIO se vai a calcular en base a módulos, pregúntalle se é así realmente ou algo de cara á galería, por que a un veciño cobróuselle en base ao impossibly do proxecto presentado para a actividade e non se molestaron en comprobar que non todo era base de execución material. É así como se cobra o ICIO no concello, é así como se vai a seguir cobrando. Isto que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

trae aquí dos módulos é so para colgar n páxina das ordenanzas e facer bonito. Para quedar bonito na prensa. Veremos despois que en dous anos cero empresas se beneficiaron desta gran bonificación. Cree que se podería elaborar unha proposta en consenso e de verdade. Traballe con todos por unha baixada de impostos que sexa benéfica para a realidade que viven os ordenses. Deixe esta encima da mesa como moitas veces nos di aquí aos demais. Non saque unha baixada de impostos de mentira. Estude primeiro como é a realidade da presión fiscal que todos os veciños padecemos, cales serían os beneficios dunha baixada real de impostos, e vexa que pode incluso saír gañando por que a todos nos doe o bolsillo e todos imos preferir pagar os tributos no concello que máis baixo teña os tributos.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que baseándonos neste informe, e dado que non puidemos contrastar todos os puntos que nel se recollen. En liñas xerais parécelles unha iniciativa interesante, pero a todas luces insuficiente para os veciños de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que vai a facer un repaso do que foi esta lexislatura entorno ao IBI. En outubro de 2015 o BNG presentou unha baixada do IBI para conxelar a suba da contribución, e aprobouse a baixada que propuxeron ao 0,56 %. En marzo de 2016 presentaron unha proposta para conxelar a suba da contribución intentando regular os tipos impositivos para toda a lexislatura, compensando a suba dos valores catastrais para que a xente non tivese 016 presentaron unha proposta para que este ano 2017 se baixase o tipo impositivo ao 0,54 %, o PP votou xa en contra da urxencia da moción, non se deixou nin debater. En maio de 2017 volveron a intentar conxelar o IBI no que resta de mandato novamente. O PP agora intenta vender que é gracias a el que se conxela a suba do IBI. Este ano subiu por culpa deles, cando o ano pasado intentaron facer isto mesmo, non se quixo. Esta cuestión que se somete hoxe ao pleno é a proposta na que leva insistindo o BNG toda a lexislatura, e se se remata aprobando e resulta a conxelación da suba do IBI a veciñanza sabe que é gracias á nosa intensa oposición neste asunto. Con respecto ao ICIO que se baixe non lles parece mal, a bonificación que se propón é a que trouxeron eles en maio de 2017. Unha bonificación en base aos postos de traballo que se crean pode decantar a balanza para a instalación dunha empresa en Ordes. Con respecto á subida das taxas do servizo de abastecemento de auga e saneamento non teñen nada que dicir, sube o IPC por contrato, non hai nada que lle facer.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que no pleno do 26 de maio de 2017 acordouse unha baixada de impostos. Tratábase con esta iniciativa de adecuar os impostos á situación económica do noso concello e das familias. Hoxe tráese a pleno unha proposta para deixar sen efecto e revogar ese acordo plenario dunha baixada de impostos benéfica para os nosos veciños. Esta é unha proposta de maquillaxe que a penas vai a repercutir nas familias ordenses. Parécelles ben o fraccionamento da débeda, pero non a cantidade de trabas que se poñen para poder fraccionar o pago. Nese momento votaron por esa baixada de impostos, por que a creen necesaria. O concello esta a sufrir unha crise importante de postos de traballo en moitos sectores. Cantos veciños e familias tiveron que marchar do noso pobo pola conxuntura económica actual de Ordes. Esta baixada podería ser tanto do IBI, IVTM, IAE. Máis empresas se darían de alta cuns impostos máis baixos, posiblemente recadaríamos máis. Hai un remanente de tesourería do ano pasado de máis dun millón de euros, rebaixando os impostos e cun bo orzamento, isto non repercutiría negativamente, por que so sería de 425.000 euros. Hai suficiente marxe nas partidas de gasto do orzamento para poder baixar estes impostos. No ano 2018 vamos a ver como veñen os recibos de IBI, vamos a pagar esta subida.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Cree que o Alcalde debe ter en conta que esta baixada non é un capricho para fundir o concello, llo di de corazón. Sabe como facer un orzamento cos técnicos para poder baixar partidas onde a repercusión sería pouca nas arcas municipais, sen sacar ningún servizo ou prestación social, educativa, ...etc. dos nosos veciños. Espera que o tome en consideración e se poida seguir adiante coa baixada que se propuxo en maio de 2017 e non con afán de fundir as arcas do concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está moi ben falar de baixada, pero se quere recórdalle o que pasou do 2011 ao 2015. No ano 2011 o tipo impositivo do IBI era do 0,48 %, chegou ata o 0,61-0,71%. A súa subida foi de máis do 50 %. No ano 2013 tamén houbo unha ponencia de valores que incrementou o tipo da base liquidable. Estas cifras son a realidade do que vostede provocou a nivel de impostos en Ordes. Agora non lle consinte que se atreva a dar leccións do que son uns exercicios financeiros adecuados, cando os propios informes de intervención ás propostas que vostede trouxo e aprobou aquí tratando de artellar unha maneira de bloquear o concello. Llo dicían os técnicos municipais. Trataron de levar a cabo acordos que eran ilegais por que contraviñan a lexislación dos técnicos. Esta aí a observación dos técnicos. E vostedes seguiron adiante con ese empeño despois de levar os impostos municipais a onde os levaron. No ano 2017 está claro que nos vai a subir un pouquiño o recibo a todos. Agora o vamos a ver regulado con perdas entre dez mil e vinte mil euros tano para o ano 2018 e ano 2019. Isto vai a supor xa un axuste nos orzamentos municipais que están aprobados e os que se poidan aprobar no futuro. Vostede fai o seu discurso político, que hai que respectar por que se trata de baixar. Pero non pode dicir que a conxelación non se fai efectiva no ano 2017. Estamos rondando a cifra de recadación de 1.900.000 que era a do ano 2015, que vamos a manter estabilizada para o ano 2018 e 2019, cousa que entendo que vostedes comparten no seu grupo da cal faláron nas mocións dos anos 2016 e 2017. Podíamos por en perigo moitas inversións e moitas financiación de subvencións e plans doutras administracións. Vostede fala de que hai partidas nas que se poden facer baixadas, o animo a que as mencione, e o volveremos a rebater, como llo rebateron os técnicos municipais que baixar esas partidas contravén a lei. Hai partidas con remanente, pero hai que consignar as partidas por que hai contratos que así o obrigan, entón que facemos. Xa sabemos que hai prazas de persoal nas que hai remanente, pero non podemos deixar de consignalas. Vostede o saben. Todos o saben. Unha cousa é un proxecto de orzamentos e outra execución real, o que iso conleva, e que despois teñamos remanentes que poidamos destinar a investimentos financeiramente sostibles ou amortización de débeda. Xa me dirá cal é a parcela do parque empresarial de Ordes dende que a Xunta de Galicia nos parques empresariais públicos estableceu as bonificacións, que se pagou a sesenta euros, ningunha. A media de pago eran entre vinte e catro e trinta e tres euros, aí están os datos de Xestur que son públicos na súa páxina web. Saben cantas parcelas nos quedan libres a día de hoxe unha. Non pode dicir aquí o que lle parece e como lle parece. O máis importante de todas e cada unha destas decisións é a seguridade xurídica que a día de hoxe a ten que fiar aos informes dos técnicos municipais e non a acordos ilegais que vostede trae a este pleno sen ningún tipo de seguridade xurídica ou sen ningún tipo de informe que o avale. Non é cuestión de dicir onde baixamos, hai que dicir de onde quitamos, cousa que non fixo nin vostede, nin o grupo político de UxO. De donde, quitamos e de donde. É moi bonito quitar é que despois os demais se busquen a vida. Isto non funciona así. Seguemos entendendo que esta aplicación de tipos é lóxica e vai a ser beneficiosa para os veciños tanto no IBI, como no ICIO. Polo tanto o seu voto vai a ser favorable por que a consideran axeitada para o ano 2018 e ano 2019.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que non coñece a ningúen que comprara por menos de sesenta euros no parque empresarial de Ordes. No 2019 explíquenlle aos veciños nos mítines que non houbo baixa por que un 29 de setembro de 2017 vostedes revogaron unha baixada de impostos que beneficiaba a todos. Fánelles tamén dese millón de euros de remanente que hai cada ano do que si se pode sacar esta baixada de impostos.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se reafirman en que lles parece unha baixada insuficiente, que posiblemente non terá impacto no bolsillo dos veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é basicamente a súa proposta, á veciñanza costoulle un ano poder aplicala. O ano pasado non se quixo. Aquí o que se ve é que hai dúas liñas de actuación, unha a do BNG que sigue un camiño cunha definido, contundente, serio e coherente coa liña que defendeu sempre, e despois os bandazos, o ano pasado non, agora si. Alégranse de que por fin se tomase en conta a nosa proposta e conxelar dunha vez o tipo. Cando falan de conxelación eles refírense ao ano 2013, que foi cando empezou este tema da revisión da ponencia de valores para a revisión dos valores catastrais. Como é a súa proposta tanto no tema do IBI como no da bonificación do ICIO ás empresas por creación de emprego, vamos a votar favorablemente.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que poden opinar do que creen, en ningún momento en ningún informe din que é ilegal a baixada de impostos, dirán que non é convinte. Parece que si votamos en contra dunha baixada de impostos estamos a cometer unha prevaricación. Estráñalle que o BNG non vote a favor dunha baixada de impostos dun 30% en vez dun 10%. Terán os seus motivos. O que está claro é que tivemos que aplicar no 2013 a ponencia de valores por unha orde do goberno do PP, a cal están aplicando agora 144 concellos de Galicia e van a ir todos. Creen que esta baixada sería importante, non é un capricho, non é ir en contra dos intereses do concello, o Sr. Alcalde sabe que hai partidas, que non vai enumerar, das que se poden sacar estes 425.000 euros.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o segue a animar para que os técnicos llas poidan contrastar. Non ten por que ser hoxe. Xa vostede trouxo aquí unha baixada de mais de seiscentos mil euros nos orzamentos e ningunha deles se axustaba á legalidade. Se quere dicir que eses acordos non era ilegais, ten que ler con máis detalle os informes dos técnicos, así como o informe da Deputación de A Coruña e mesmo o informe da Deputación de Badajoz que facía referencia a un caso similar a este concello dun goberno en minoría. como trataron de aplicar unha baixada de impostos que ía a provocar efectos contrarios de cara a veciñanza para poder facer inversións nos exercicios seguintes. Os datos están aí, a eles me remito, insistirá neles sempre que faga falta. Esta é a realidade do que estamos a falar, hai que ser coherentes co que é a aplicación dunha política orzamentaria rigorosa e flexible para todos. Tanto para os veciños, para que se poidan beneficiar, como para os responsables da administración municipal. Cada vez que haxa acordos que prexudiquen o interese xeral ou que vaian en contra das competencias do Alcalde ou do equipo de goberno encontraranse con nos enfronte, sexa quen sexa. Así o fixeron ata o de agora e así o seguirán facendo. Invita a que no sucesivo non traten de vir con ese tipo de propostas que son contrarias. Temos todavía por aí unha pendente de contratos menores da cal lle gustaría que falasen no seu día antes de que finalice o período correspondente para a interposición dun contencioso que cree vai a ser prexudicial para todos e cada un dos que votaron ese punto, e do cal lle gustaría que a mediados do mes de outubro antes de que remate



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

ese prazo tivésemos unha reunión ao respecto e tratásemos de revogar ese acordo, non polo beneficio deste goberno e deste concello, senón polo seu propio. Chamaraos a esa reunión para falar no momento correspondente. Con respecto á esta proposta entendemos que é coherente cos temos que corren, veremos como afecta a regularización que non tiña que haberse producido con este efecto se se tivesen preocupado un pouco por ela, e non houbéramos aplicado con tanta urxencia a mesma dada a necesidade que tiña acuciante de novos e maiores ingresos para o concello.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político BNG), catro votos en contra (2 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal) e coas abstencións (Sr. Manteiga García e Sr. González Santos), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Revogar o acordo adoptado polo pleno corporativo en sesión celebrada o 26/05/2017 no relativo á modificación de ordenanzas fiscais do IVTM, IBI e IAE, deixándoo sen efecto.

2.- Aprobar provisionalmente:

- Modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre bens inmobles (art: 11: tipo impositivo; art. 15: Aprazamentos e fraccionamentos de pago)
- Modificación ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- Modificación ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa por prestación do servizo de auga potable (art. 5: cota tributaria).
- Modificación ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa de sumidoiros (art. 5: cota tributaria).

cuxos textos modificados figuran anexos á proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

3.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

4.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

PUNTO QUINTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2.017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decitado.

PUNTO SEXTO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que non esta ben que ameace. Terá que ver tamén o que fai vostede ilegal, por que parece que os ilegais son os demais e vostede nunca, mire tamén o seu, seguidamente formula a moción que se transcribe a continuación:

“Na actualidade existe unha parada de Bus á altura do antigo Bar Os Blancos, na Nacional 550, que esta sen sinalizar, e parece ser que algún condutor da liña Santiago-Coruña, protesta para facer a parada neste punto xa que non está a parada sinalizada.

Logo de comprobar un dos veciños na estación de Autobuses de que si existe a parada rexistrada como parada Os Blancos, e de trasladarme a problemática existente, xa que incluso en algunha ocasión o condutor se ten negado a facer a parada, é polo que proponho ao Pleno da Corporación Municipal de Ordes a adopción do seguinte acordo:

- Instar ao Concello de Ordes a solicitar á Consellería de Infraestructuras e Vivenda unha relación das paradas rexistradas para proceder á comprobación da sinalización das mesmas no Concello de Ordes. Ao mesmo tempo que esta relación sexa enviada a todos os concelleiros desde o Concello de Ordes.
- Instar ao Concello de Ordes á tramitación das pertinentes solicitudes de permisos necesarios para a sinalización das paradas que falten por sinalizar, como por exemplo a parada de Os Blancos.
- Instar ao Concello de Ordes a sinalizar e adecuar as paradas que estean rexistradas e falten por sinalizar, ou se non fose da súa competencia, que o Concello de Ordes inste ó órgano competente na materia”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de trece votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que ven que hai unha problemática coas paradas que hai que resolver, votarán a favor.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que todo o que sexa traballar na mellora no transporte e a mobilidade dos veciños será pouco polo que van a apoiar esta iniciativa.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que van apoiar a moción.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai ningún tipo de inconvinte, servía tamén un rogo, está no seu dereito de presentala como considera. Tratarase de dar cumprimento a todos os puntos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Solicitar á Consellería de Infraestructuras e Vivenda unha relación das paradas rexistradas para proceder á comprobación da sinalización das mesmas no Concello de Ordes. Ao mesmo tempo que esta relación sexa enviada a todos os concelleiros desde o Concello de Ordes.
- Tramitación das pertinentes solicitudes de permisos necesarios para a sinalización das paradas que falten por sinalizar, como por exemplo a parada de Os Blancos.
- Sinalizar e adecuar as paradas que estean rexistradas e falten por sinalizar, ou se non fose da súa competencia, que o Concello de Ordes inste ó órgano competente na materia”.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Os servizos medicalizados do helicóptero son altamente operativos nun sistema integral de emerxencias , e un servizo que aporta coma unha das súas mellores características a rapidez



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

na intervención co que acorta de forma radical o inicio da valoración e estabilización médica do paciente e consecuentemente a morbilidade.

A mediados de agosto o helicóptero medicalizado foi solicitado dúas veces no mesmo día polos servizos sanitarios do Centro de Saúde de Ordes para atender dous casos de extrema gravidade. Así mesmo o 23 de agosto vólvese a solicitar a presenza do helicóptero medicalizado polo persoal sanitario facultativo do Centro de Saúde para trasladar unha nena ao Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) debido á súa gravidade, chegou o helicóptero medicalizado a Ordes e aterrizou no campo de fútbol de Vista Alegre (lugar habitual) pero non había dispoñible unha ambulancia para trasladar o paciente desde o Centro de Saúde ó helicóptero polo que ten que subir a Policía Local para trasladar o equipo médico do helicóptero ó Centro de Saúde para estabilizar o paciente e tívose que chamar ó 061 para que mande unha ambulancia desde Santiago ó Centro de Saúde de Ordes para trasladar ó paciente e o equipo médico ó campo de fútbol donde está o helicóptero. Todo isto evitaríase se estivera construído un heliporto ó lado do Centro de Saúde, tal como leva demandando desde fai anos a Agrupación Socialista de Ordes en mocións presentadas a Plenos en este Concello, como tamén temos que indicar que no anterior PXOM recollía na planimetría o lugar do heliporto.

Se o heliporto estivera construído ó lado do Centro de Saúde nin a Policía Local nin a ambulancia serían necesarias e atenderíase antes os pacientes que é o que no fondo importa. O ter un heliporto ó lado do Centro de Saúde e PAC neste caso supón un recorte de 12 minutos na atención do paciente (tempo entre o Centro de Saúde e o campo de fútbol) e o máis importante, o equipo médico do helicóptero realiza o 90% dos tratamentos que lle farían no Hospital ó paciente, é dicir, a chegada do helicóptero medicalizado ó lado do Centro de Saúde e PAC e como se o paciente entrara en urxencias do Hospital.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

- Instar a que se active ou se busque unha fórmula para poder construír o heliporto o máis pronto posible mediante a colaboración do Concello de Ordes coa Consellería de Sanidade.
- Instar a que se recolla na planimetría do PXOM o heliporto, independentemente da petición anterior”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de trece votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que votarán a favor.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que tamén votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tamén creen que o PAC de Ordes, o Centro de Saúde, dispoña dun heliporto que xa debería estar construído cando se construíu o propio edificio. Por aclarar unha serie de debates sobre o PXOM. O tema do heliporto no solo urbano non consolidado que rodea o centro de saúde está contemplado. Na memoria que regula ese solo urbano, obxectivos de ordenación: na zona verde deixárase prevista unha superficie para a instalación dun heliporto de servizo ao Centro de Saúde. Non ven no plano. Para o desenvolvemento desa área hai que facer un proxecto que pode coincidir ou non coa proposta que veña no PXOM e que debe cumprir as condicións que se digan na ficha. Que se poña no plano non pasa nada, cando se faga o proxecto pode estar onde di o plano ou noutro sitio distinto. Non sabe se para poñelo no plano ten que recibir un informe da Agencia Estatal de Seguridade Aérea. Considerando que é unha infraestrutura necesaria, que está contemplada no PXOM van a votar tamén a favor desta proposta.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que tamén creen necesario un heliporto, así estaba contemplado no documento do PXOM, se hai vontade por parte da Consellería e do concello se pode levar a cabo esta infraestrutura.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai a posibilidade de asinar un convenio, ese polígono xa está vinculado ás cesións anticipadas para a construción do Centro de Saúde. Nada impide que se poida facer unha nova cesión anticipada se conseguimos os permisos necesarios. Ninguén discute que é unha infraestrutura necesaria para unha vila como Ordes, para un PAC con tantos usuarios. Vai a ter o seu apoio, entre todos deberán traballar para que sexa unha realidade.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que a falta dun PXOM no noso concello non so retrasa a construción do heliporto, senón que tamén está acabando coa expectativa de Ordes como pobo ao non desenvolver algo tan prioritario e importante para nos, como así o manifestamos tanto nos nosos programas electorais, como nos plenos. Anunciamos que sempre se poderá contar con eles para mellorar a vida dos nosos veciños e demandan que o máis pronto posible nos sentemos entre todos para limar as nosas diferencias sobre o PXOM para dar prioridade ao polígono industrial de Pardiñas. So basta mirar como crecen os concellos limítrofes por non ter unha ferramenta de crecemento e de emprego como sería esta infraestrutura. Demandan ao Sr. Alcalde e concelleiros a recoller a súa proposta polo futuro de Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que está moi ben, pero hai que recordar que se a principios de 2016 o BNG non fixo un traballo analizar o documento, buscar propostas, por enriba a mesa solucións. Era moi fácil dicir que estaba todo mal. Teñen unha liña clara e definida. Non poden chegar a unhas eleccións municipais e dicirle con toda a cara á xente que ven necesario un PXOM e logo cando hai a oportunidade de tratalo,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

sacalo adiante, melloralo ou emendar o que está mal, non facelo, non sería serio. En febreiro de 2016 cando presentamos as nosas condicións sine qua non para a súa aprobación, e dado que se tomaron en conta coas modificacións, votaron favorablemente. Se non se tivera feito esa labor teríamos que ter empezado un novo documento. Gracias a esas xestións, agora teremos que aprobalo provisionalmente coas alegacións da veciñanza e as adaptacións necesarias polos informes sectoriais, en 2020-2021 teremos en Ordes un PXOM, e non ter que esperar a 2027-2030.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a moción conta co seu apoio. Vostede trae aquí agora a colación o PXOM, ten que recoller o guante do que vostede acaba de dicir. Eu no seu día o defendín como algo de vital importancia para Ordes. O PSOE tamén fixo propostas ao documento de aprobación inicial do PXOM, non todas puideron ser aceptadas. O PXOM é vital, súmome ao que acaba de pedir, temos que intentar consensualo, e se non podemos consensualo aprobalo tal e como está. Sería importante conseguir unha aprobación provisional. Agradece este chamamento no día de hoxe, ao que se suman.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Instar a que se active ou se busque unha fórmula para poder construír o heliporto o máis pronto posible mediante a colaboración do Concello de Ordes coa Consellería de Sanidade.
- Instar a que se recolla na planimetría do PXOM o heliporto, independentemente da petición anterior”.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Tal e como advirte de xeito recorrente o señor interventor municipal no informe-resumo das observacións e notas de reparo emitidas pola intervención aos expedientes de xestión de gastos e ingresos tramitados nos exercicios anteriores, existen diversos contratos que se atopan vencidos e sobre os cales se está a producir unha prórroga tácita, non permitida polo artigo 23.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Entre estes servizos, atópase o do guindastre, sobre o cal este grupo municipal ten insistido no debate dos presupostos municipais na necesidade de mancomunar dito servizo.

Estamos a falar dun servizo de guindastre que segundo nos reportan desde o concello de Ordes, ten unha media duns sete servizos ao mes e que anualmente supón un custo de sobre 42.000 € ás arcas municipais do concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Desde o BNG de Ordes creemos que chegou o momento de tentar mancomunar este servizo para que os concellos que realmente precisan deste servizo por dispoñer de cascos urbanos de certa entidade, como son Ordes, Oroso, Cerceda; podan compartir os gastos de funcionamento de dito servizo sen que o mesmo quede desaproveitado e supoña un elevado custo.

Mesmo consideramos interesante que se inicien contactos con outro concello da contorna que pola súa proximidade e características, podería estar interesado en compartir este servizo, como é o concello de Carral.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

- 1- Convocar unha xuntanza entre os concellos de Ordes, Oroso, Cerceda e Carral para estudar e negociar mancomunar ou compartir o servizo de guindastre.
- 2- Dar traslado á Mancomunidade de Ordes do presente acordo”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de trece votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga, Sr. González Santos e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que non está de acordo con esta moción. O guindastre é un servizo para os veciños de Ordes, se o estendemos a máis concellos se necesitamos o servizo en Ordes teríamos que esperar, non é razoable. Cando se puxo en marcha o servizo intentouse mancomunar con outro concello é non foi posible, é mellor como está.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que mancomunar servizos non está mal por que se comparten gastos tamén. Cree que hai que estudalo, van a votar a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que lles parece interesante intentar mancomunar o máximo de servizos posible para rentabilizalos mellor. O BNG trae unha proposta con moi boas intencións, cónstalle que un dos concellos que aparece aquí xa se negou no pasado a compartir este servizo e cree que aínda non cambiou de opinión.

Intervén o Sr. Regos Boquete, voceiro do grupo político UxO, que sinala que isto máis que unha moción é un rogo, onde o teñen que decidir é na Mancomunidade, por moito que intentemos facer vai a ser imposible, se os concellos de Oroso e Cerceda non se poñen de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

acordo vai a ser complicado. O alcalde ten que levar esta proposta á Mancomunidade e ver se aceptan.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa é a resposta que tamén iamos a dar. Xa hai un concello que non estivo interesado e segue sen estar en que sexa mancomunado. Pódese dar a problemática que avanzaba o Sr. González Santos. Teríamos que crear outra entidade asociativa se entra Carral, que non está na actual mancomunidade. De inicio comprométese a facer a xuntanza, pide que non se adopte aquí ningún acordo, senón non votarán a favor. Non van a chegar a ningún sitio con esta moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o que pide é que se celebre esa xuntanza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que celebrarán a xuntanza e informará do que lle digan. O falarán primeiro na Mancomunidade, despois chamará ao Alcalde de Carral, e falamos ao respecto. Se hai un mínimo de achegamento farase.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que una reunión é basicamente o que piden. Non tería sentido convocar a reunión e dicir que vai a votar en contra. Se compartimos servizos obviamente puntualmente pode estar a prestarse noutro lado, pero estamos a falar de que a media de servizos é de sete saídas ao mes, cun custe de 42.000 euros/ano. O que se pretende é abaratar o servizo. Non se pretende impor nada, do que se trata é de convocar unha reunión, que despois frutifica nun acordo, ben, hai que ir coa intención de conseguir algo.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que os veciños de Ordes que teñen vados queren que lle presten o servizo, agora respóndese en vinte minutos, se se mancomuna o servizo e se está a prestar noutro municipio non se pode atender con esta premura. Isto é ir en contra dos veciños de Ordes. Queremos aforrar, hai moitos servizos que non son rentables. Vai a votar en contra.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de doce votos a favor (5 grupo político PP, 2 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), co voto en contra (Sr. González Santos), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- 1- Convocar unha xuntanza entre os concellos de Ordes, Oroso, Cerceda e Carral para estudar e negociar mancomunar ou compartir o servizo de guindastre.
- 2- Dar traslado á Mancomunidade de Ordes do presente acordo.

PUNTO SÉTIMO: ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula o rogo seguinte:

- Veciños de Orellán de Arriba mostraron o seu malestar por que quedou unha pista da parcelaria sen limpar

É por todo isto polo que formulo o seguinte rogo ao Señor Alcalde:

Que pasen por alí para limpala.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración, farase a limpeza. En Orellán este ano fíxose dúas veces a limpeza.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A rúa Mundito é unha rúa peatonal na que apenas chega a luz natural, tendo sombra a maior parte do día. Para revitalizar a rúa propoñemos unha lavado de cara de dita rúa.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que pinte os maceteiros da rúa Mundito como medida de revitalización da rúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estes maceteiros están totalmente destrozados, estase barallando cambialos e tamén cambiar o alumeadado en toda a rúa. Tratará deixalo resolto este ano.

- Na zona do Centro de Saúde de Ordes existe un paso a peóns no que as beirarrúas non están adaptadas para persoas de mobilidade reducida.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 23

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que adecúe esta beirarrúa para a accesibilidade de persoas de mobilidade reducida, así como outros pasos no cemiterio vello, escola infantil e oficina de emprego.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que toman nota.

- Fai varios días había un vertedoiro incontrolado sito ó lado da estrada que vai de Ordes a Carballo á altura do Valiño.

Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que instale un cartel informativo de Prohibido tirar lixo nese punto e que se vixie frecuentemente a zona para evitar un novo vertedoiro incontrolado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- No cruce existente na Rúa, Buscás, coa estrada que conduce á N550, existe un peche vexetal que impide completamente a visibilidade aos vehículos.

Aínda que ben é certo que existe un espello instalado no mesmo, cabe recordar que en determinadas épocas do ano, sobre todo nos meses de outono e inverno, este atópase empañado ou mollado o cal minimiza considerablemente o seu efecto.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que inicie os trámites oportunos para proceder á retirada de dito peche vexetal, por motivos de seguridade viaria.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é un tema recorrente. Mirará de falar coa propiedade e facer un expediente municipal que nos permita corrixir esta situación.

- No pleno ordinario de xaneiro de 2017, aprobouse por unanimidade unha moción do BNG na cal se propoñía a elaboración dunha ordenanza fiscal reguladora da taxa pola



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.

Cabe destacar que estamos a falar dunha recadación anual aproximada duns 100.000 € segundo as estimacións da intervención municipal.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe sobre o estado da tramitación de dita ordenanza e se poderá aplicarse no 2018.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non temos aínda o texto da ordenanza. Está incluída na auditoría do alumeado e GIS. É un traballo complicado, que non está completo. Aínda non se chegou a rematar o traballo de campo. Para a súa aplicación é necesario ter definidos os tramos. O traballo hai que facelo ben feito por que de inicio todas as empresas subministradoras van a opoñerse.

- As pistas da concentración parcelaria de Parada, atópanse inzadas de maleza tal e como se pode apreciar nas fotografías que se acompañan.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se o tractor municipal proceda a realizar operacións de roza nas mesmas, na zona que queda por detrás da Grela.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de inicio o noso tractor e desbrozadora non serven polo estado da maleza. A Consellería concedeunos 50 qm de desbroce e 10 qm de cunetas, pediuse o paso deses 10 qm a desbroce. Remitíuselles Parada, Lesta e Mercurín e toda a rede forestal 80 qm. A ver se se pode facer neste ano, na que estarían incluídas as pistas das que nos fala.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que xa viu como quedaron as de Ardemil, antes de que volva inzar todo outra vez habería que darlles un repaso. Habería que executalo o máis pronto posible cos medios que sexa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que Leira e Ardemil estaban abandonadas, bastante traballo fixeron cos medios que empregaron. O convenio de prevención de defensa contra incendios forestais non daba para máis. Fíxose un avance que foi facer unha apertura dos anchos sobre a maleza máis robusta, queda moito aínda. A parroquia de Ardemil ten so ela 70 qm. Necesitamos medios adecuados, os que temos hoxe non poden actuar nesta rede.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que se saca adiante a ordenanza anterior terían medios de sobra.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 25

- Onte, xoves 29 de setembro, os equipos de fútbol que empreñan a cotío os campos anexos do complexo de Vista Alegre para adestrar, tiveron que facelo ás escuras e mesmo víronse obrigados a suspender os adestramentos.

Segundo nos trasladan, parece que a potencia eléctrica non é suficiente para atender todos os consumos eléctricos que ten o complexo de Vista Alegre, xa que os alumeados do campo principal si estaban acesos pero no momento que se pretendía acender os dos campos anexos “saltaba o automático”.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

Se leven a cabo as medidas necesarias para que non se repita a situación, e os equipos poidan desenvolver os adestramentos con total normalidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que de inicio o problema que temos é no momento do arranque a potencia puntual. A potencia contratada debería poder manter toda a instalación funcionando. Van a ir a velo e ver que se pode facer. Non era habitual ata este ano que se empregaran os dous campos á vez, a maiores tamén hai algo de iluminación nas pistas de atletismo. Mirarán esta situación.

- No tramo da estrada de Mercurín que actualmente se atopa en obras, estanse a dar situacións de perigo por mor da deficiente sinalización vial, ben por un deficiente estado de conservación do material empregado pola empresa construtora: conos rotos e/ou sen banda reflectante, luminarias de sinalización con baixa intensidade lumínica... ou ben por falta de sinalización: tramos con desniveis ás marxes sen sinalización algunha do fin da plataforma.

Todo isto provoca situacións de perigo en situacións de baixa visibilidade, fundamentalmente pola noite e/ou cando existen néboas.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A poñelo en coñecemento da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, para que esta vixie a correcta aplicación das medidas de seguridade vial na obra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que debería haber un coordinador de seguridade en toda a actuación. darémolles traslado á consellería e tamén á propia empresa.

- Na rúa Francisco Asorey é habitual ver lixo tirado pola estrada e a beirarrúa, o que está a causar malestar entre os veciños que viven en dita rúa ademais de proporcionar unha mala imaxe da vila.

En toda a rúa non existe unha soa papeleira para poder depositar o lixo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A instalación de pepeleiras.

A que se revise a frecuencia na que os servizos de limpeza van á rúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado ao servizo de limpeza e tratarán de colocarán algunhas papeleiras.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a pregunta seguinte:

- Estes días estanse a levar a cabo obras na fonte de Esmorís.

É por todo isto polo que formulo as seguintes preguntas ao Señor Alcalde:

¿En qué consisten as obras a realizar?.

¿Parece ser que parte da auga da Fonte de Esmorís ía a un regadío da zona, vai seguir sendo así?.

¿Para qué son as canalizacións que se están a soterrar dende a fonte?.

¿Podería sacar unha nota informativa dos motivos da obra e da finalidade da mesma para informar aos veciños da zona?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é o PMA de 2016, un proxecto que vostede no seu día dirixiu a súa elaboración. Na súa memoria se di que se pretende o desbroce manual e selectivo da vexetación arbustiva no entorno da fonte, canalización 18 m de tubería de PVC de 400 mm de diámetro e execución de arquetas con sumidoiro para recollida de augas, construción de abrevadoiro con pedra de mampostería, finalmente colocación de sinal de localización-orientación. Do que se trataba era de evitar que as augas seguisen a danar a pasarela de madeira e a varanda. A auga vai a seguir indo polos cursos como ata o de agora. Agora vai a ir soterrada paralela a esa pasarela por que entende é o que vostede acordou no seu día co técnico que redactou o proxecto. Sacarán unha nota informativa coas actuacións previstas no PMA.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que aínda que levaba obras o PMA era cousa da súa compañeira a Sra. Soneira Rama. Estivo na fonte das Cortellas e na de Mañufe, nesta non.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a pregunta seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

- Na súa condición de portavoz municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes fórmulalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

¿En que estado esta a construción da senda da Brea?. ¿Prazo de execución previsto?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está adxudicada, non sabe se xa está asinado o contrato. O publicado é de setenta e catro días. A súa compañeira ao seu carón ten máis información disto.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- Os pais dos alumnos do CEIP Castelaio que por mor de problemas de goteiras, chan en mal estado, non se están a dar as clases de educación física no ximnasio do pavillón Castelaio.

¿Ten algunha previsión de cando vai a arranxarse?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é unha instalación municipal. Nestes centros educativos ás únicas competencias municipais son de mantemento. Quedouse de repasar as cubertas. Hai condensación nas vigas que despois pingan en puntos puntuais, non hai filtracións do exterior. Precisa un pavimento novo, a Xefatura Territorial é coñecedora, para este ano de inicio esta pedido pola dirección e concelleira. Estase a traballar para que se poida corrixir canto antes, na parte de labores de mantemento que lle corresponde ao Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e corenta e catro minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO